



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 31 de xullo de 2015

Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación da obra denominada “NOVO SALÓN DE ACTIVIDADES DE COTOBADE”.

Reunida a Mesa de Contratación e desempatando as dúas empresas admitidas obtéñense as seguintes puntuacións e se emite proposta de adjudicación en favor da empresa ao ser a oferta economicamente máis ventaxosa de acordo co seguinte detalle

EMPRESA	PRECIO		PRAZO		GARANTIA		MELLORAS		TOTAL
	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	PUNTOS
GPD CONSTRUCCIONES	61.269,89 €	10,00	2,00	3,00	3,00	2,00	4	4	15,00
CONSERVIA REHABILITACION Y SERVICIOS	61.933,45 €	9,89	2,00	3,00	3,00	2,00	4	4	14,89

Visto que Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A. cumprimentou o requirimento efectuado polo órgano de contratación aportando a documentación prevista no artigo 20 do prego de cláusulas e a garantía definitiva do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro

RESOLVO:

1. Adjudicar o contrato de “NOVO SALÓN DE ACTIVIDADES DE COTOBADE” á empresa Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A. de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

A) Oferta Económica: 61269,89 €

B) Prazo de Execución: Dous Meses

C) Prazo de Garantía: Dous Anos (1+1)

D) Melloras: Todas as establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. Requirir a Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A. para que proceda á presentación do Plan de seguridade e saúde no traballo dentro do prazo de cinco días a contar desde o seguinte á notificación da adjudicación do contrato.

3. Informar á empresa Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A. de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a



formalización do contrato dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación na data e hora que se lle determine ao efecto.

4. Informar a empresa Nicogar S.L. de que a súa oferta resultou excluída ao presentar un sobre único que contén só a documentación técnica contravindo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Informar ás empresas Xurcal Cotobade S.L. e Oximora S.L de que as súas ofertas foron inadmitidas ao presentarse fóra do prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 04.05.2015.

6. Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 31 de xullo de 2015

O Alcalde

Jorge Cubela López



O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

